
AS MIÑAS NANAS NEGRAS

Texto de AMALIA LÚ POSSO FIGUEROA

Tradución de ISAAC XUBÍN

Ilustración de portada de ADRIÀ FRUITÓS

Encadernación rústica. 13,5 x 20,5 cm. 192 páx. 15 €. ISBN 978-84-16721-35-1. Narrativa. Faktoría K.


Nacín e crecín en Quibdó, molloume a chaparrada, apertoume a calor, o vento ergueu as miñas saias enchoupadas de suor. O *pacó* e o *manduro* deron recendo ao meu espazo, o *borojó* e o *marañón* puxeron sabor na miña lingua. O río Atrato levou os meus ollos a viaxar, a chirimía coa súa música ensinoulle ao meu corpo a mexerse e as miñas nanas negras encheron de fantasías as interminables tardes cheas de relatos barulleiros, acariñándome ao mesmo tempo que gurgullaban as palabras no seu zigzag. Nese intre non o imaxinaba, sóubeno despois: as miñas nanas negras ensináronme a gozar ao milímetro da riqueza do meu corpo, metéronme na loucura de gozar con todos os ritmos que ten o meu corpo...

“As miñas nanas negras” recompila 25 contos cos que a autora lle rende homenaxe á narración oral da súa rexión natal, o Chocó colombiano, situado entre o Caribe e o Pacífico. Cada historia -que rescata da memoria da nenez- é un canto alegre á vida, partindo do ritmo e do baile como principais argumentos. As protagonistas destes relatos imaxinativos son mulleres de raíces afrocolombianas nas que ese ritmo vai asociado a unha parte concreta do corpo: a boca, o corazón, as nádegas, as cadeiras...

Sensualidade e elegancia son os sinais de identidade destes textos festivos, contados orixinalmente no dialecto chochoano que se fala no norte do litoral pacífico, e recuperados por escrito para que as lectoras e lectores de calquera parte do mundo poidan imaxinar ese abano de movementos, descritos con palabras tropicais e envolventes.

Amalia Lú Posso Figueroa transporta o público ata a selva e os ríos turbios do Chocó para facelo partícipe do deleite sensorial, dos sabores e das sonoridades que se poden atopar nese paraíso, incitándoo a erguerse e a danzar ao pulso dos tambores e das chirimías típicos dese territorio.

Con esta obra ten participado en numerosos festivais por todo o mundo, nos que a autora conta que o seu libro non é un estudo etnográfico da cultura negra do Chocó, senón un intento por rescatar a memoria oral desa rexión, onde a pel dos seus habitantes é negra, onde a terra é fértil, e os días transcorren coa cadencia das nanas.



-
- **Temática:** contos baseados na tradición oral do Chocó colombiano.
 - **Idade recomendada:** lectores adultos.
 - **Aspectos destacables:** cultura afrocolombiana; o poder evocador da palabra; música, baile; tradición oral, folclore e cultura chochoana; multiculturalidade; protagonistas femininas.
 - **Avance do libro:**
<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/as-minhas-nanas-negras-g>
-

Amalia Lú Posso Figueroa

(Quibdó, Colombia, 1947)

Licenciada en Psicoloxía pola Universidade Nacional de Colombia. Traballou como psicoterapeuta, foi directora-psicóloga do Centro de Atención Integral ao Preescolar e coordinadora de Excelencia Académica da Universidade Nacional de Colombia. Tamén exerceu como profesora catedrática nas universidades Pontificia Bolivariana de Medellín, Jorge Tadeo Lozano e Los Andes de Bogotá. Na súa faceta como narradora ten actuado en escenarios de Colombia, Venezuela, Arxentina, México, Brasil, Ecuador, Xamaica, Estados Unidos, Francia e España.